



Diego Rodríguez Vieites, provisto de D.N.I. nº 36161990X, actuando en representación da Asociación VERDEGAIA e Xosé Lois Rey Muñiz, provisto de D.N.I. nº 35451163K, actuando en representación da Delegación de Pontevedra da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), e con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía de Arousa; CP 36600.

EXPOÑEN:

- Que se está a realizar dende o ano 2014 un “Proxecto restauración da canteira das Pereiriñas” (Salceda de Caselas, Pontevedra)
- Que existe un informe emitido polo departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo con data 26 de xuño de 2014, titulado “Estudio de los vertidos que se están levando a cabo en la Canteira de Sanxurxo (Salceda de Caselas)”. Neste informe se recollen os resultados dos análises realizados ós materiais utilizados pola empresa “Manuel Vaqueiro S.L.” en abril de 2014 para rechear o oco da Canteira.
- Que nas conclusións do informe da UVIGO se indica que existen residuos cun contido moi elevado de elementos tóxicos que non deberían verterse nesa zona, se non tratados en lugares adecuados para o tratamento ou almacenamento de residuos tóxicos e perigosos.
- O informe da UVIGO conclúe que unha parte dos residuos deben ser retirados polo seu alto contido en metais pesados e outros elementos que sobrepasan os niveles máximos permitidos para ecosistemas en Galicia.
- Que valoramos esta actuación como moi agresiva para o ecosistema da serra e con deficiencias graves na realización do recheo e no material utilizado para recubrir o oco da mina.
- Que a canteira e recheo está augas arriba de varios acuíferos empregados como auga potable pola veciñanza do lugar, polo que esta obra pon en risco sanitario ás poboacións humanas do Concello de Salceda e outras localidades que usan os acuíferos e traídas de auga procedentes da zona da canteira Pereiriñas.
- No vaso da canteira e zonas anexas obsérvase a presenza de restos de lodos de corte de granito, material tóxico que non pode ser usado como recheo e que vulnera a lexislación como a Ley 10/1998 de Residuos.

.../...


.../...

SOLICITAN:

- Que se investigue e, no seu caso, de apreciarse que as actividades descritas puideran ser motivo de infraccións ou delito pola presenza de materiais altamente tóxicos prexudiciais para a poboación e o medioambiente, con alta capacidade de contaminación persistente no tempo.
- Que se identifique a empresa que aportou o material non autorizado para recheo e incóese expediente sancionador se procede.
- Que se investigue a afección das augas no LIC Baixo Miño e dos acuíferos de auga potable da zona de afección.
- Que se teña dado por presentado este escrito ante a Consellería de Sanidade e se nos informe das actuacións de dean lugar.

En Vilagarcía de Arousa, a 12 de marzo de 2015.




En representación.

CONSELLERÍA DE SANIDADE. SANTIAGO DE COMPOSTELA.